

SEMANA DO 23 AO 27 DE MARZO

Esta semana ademais de seguir investigando sobre o universo, tamén faremos algunha actividade adaptada ao tempo que estamos vivindo.

- Falaremos do Sol de da Lúa
- Falaremos do coronavirus
- Falaremos das profesións

O SOL E A LÚA

Vídeo sobre o Sol:

https://www.youtube.com/watch?v=wANko2eM_uY

Actividade 1: Escribe estas preguntas coa súa resposta na libreta. O título da actividade é “O SOL”.

- Que é o Sol?
- Cantos anos ten o Sol?
- Que efectos ten o Sol sobre a Terra?
- Que parte che pareceu máis interesante?

Vídeo sobre a Lúa:

<https://www.youtube.com/watch?v=lfPcs0cCJjU>

Actividade 1: Escribe estas preguntas coa súa resposta na libreta, debaixo do título “A LÚA”.

- Que é a Lúa?
- Cales son as fases da Lúa? Por que se producen? Explícaas e fai un debuxo.

O CORONAVIRUS

Boas rapazas e rapaces! Aquí vos deixo un vídeo que nos pode axudar un pouco a entender mellor que é o que pasa e por que temos que estar na casa.

Explicación: <https://www.youtube.com/watch?v=prHuClGHtmY>

Xogo do coronavirus: <https://www.youtube.com/watch?v=XnIo0uRgKSQ>

No primeiro vídeo explica que é e que podemos facer. Seguramente xa sodes uns expertos no tema, por iso, gustaríame que debaixo do título “CORONAVIRUS” escribades na vosa libreta de matemáticas cousas que podemos facer para axudar a frealo. Ademais podedes engadir tamén un debuxo do virus.

No segundo vídeo, tedes un reto que se superades, saberei que sodes uns bos axentes anticoronavirus.

PROFESIÓNS

Esta semana tamén imos traballar as profesións. Seguro que todos coñecedes moitas e teredes as vosas favoritas. Gustaríanos que esta semana pensedes nas profesións que teñen especial importancia agora mesmo. Como sabedes, estamos vivindo unha etapa bastante diferente na que moita xente coma nós ten que estar na casa. Pero seguro que nas vosas casas ou algún coñecido voso si ten que traballar e é de especial importancia que o fagan.

Esta actividade consta de 3 partes:

1. Citar 6 profesións que considero importantes.
2. Explicar por que considero importantes esas profesións agora mesmo e sempre.
3. Facer un debuxo dalguén que exerza unha desas profesións tamaño folio (A4), escribir debaixo do debuxo “Gracias _____ (nome da profesión)” e sacarlle unha foto para enviala ao correo da profe.

A idea desta actividade é recoller todos os debuxos e poder facer unha recompilación de todas as creacións de 2º para despois xuntalas. E así, aínda que estemos lonxe, acercarnos dalgunha maneira.

**AGARDO QUE VOS GUSTEN E VOS ENTRETENAN AS ACTIVIDADES.
MOITO ÁNIMO!**